



## CONCELLO DE CHANTADA

EXPTE. 1298/2026

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o recurso potestativo de reposición de Por Chantada-Cup contra as bases reguladoras da convocatoria de creación dunha bolsa para selección de persoal para a contratación de un/ha monitor/a deportivo-socorrista, mediante concurso oposición, para as escolas deportivas, piscinas municipais e demais instalacións deportivas municipais, como persoal laboral temporal a xornada parcial ou completa segundo as necesidades.

Visto que o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia ten por obxecto regular a formación que debe reunir o persoal que exerza as funcións de prevención e socorrismo tanto nos espazos acuáticos naturais como nas instalacións acuáticas, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, e a súa inscrición no Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (

Visto que conforme ao artigo terceiro para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia e achegue a documentación acreditativa da posesión da formación mínima.

Visto que as bases de selección do proceso de referencia non contemplan como requisitos mínimos os establecidos no referido Decreto 152/2021, do 21 de outubro.

Visto por outra banda que, en materia de contratación, o Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores establece no seu artigo 15 que o contrato de traballo de duración determinada só poderá celebrarse por circunstancias da produción ou por substitución de persoa traballadora.

Vistas as competencias conferidas en materia de Réxime Local

#### RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Estimar parcialmente o recurso recurso potestativo de reposición de Por Chantada-Cup contra as bases reguladoras da convocatoria de creación dunha bolsa para selección de persoal para a contratación de un/ha monitor/a deportivo-socorrista, mediante concurso oposición, para as escolas deportivas, piscinas municipais e demais instalacións deportivas municipais, como persoal laboral temporal a xornada parcial ou completa segundo as necesidades.

**SEGUNDO.-** Revocar os acordos de data 18 de maio de 2026 (Decreto 2026-0559) de convocatoria e aprobación das bases reguladoras da convocatoria de creación dunha

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

DECRETO  
Número: 2026-0611 Data: 01/06/2026

Cod. Validación: 3XFYPWT3N2CY37TWJFODRXL6N  
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





## CONCELLO DE CHANTADA

---

bolsa para selección de persoal para a contratación de un/ha monitor/a deportivo-socorrista, mediante concurso oposición, para as escolas deportivas, piscinas municipais e demais instalacións deportivas municipais, como persoal laboral temporal a xornada parcial ou completa segundo as necesidades.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente Resolución na páxina web municipal, Tablón de edictos, Portal de transparencia, e un extracto da mesma no Boletín Oficial da provincia e nun dos diarios de maior tirada de Galicia.

**CUARTO.-** Ordenar a redacción dunhas novas bases axustadas ao disposto na lexislación aplicable en materia deportiva e socorro, e convocar un novo proceso de selección.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

**DECRETO**  
Número: 2026-0611 Data: 01/06/2026

Cod. Validación: 3XFYPWT3N2CY37TWJFODRXL6N  
Corrección: <https://chantada.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2

---

CONCELLO DE CHANTADA

Plaza de España, N° 1, Chantada. 27500 (Lugo). Tfno. 982440011. Fax: 982462102

